



CABANIÑA DO CURRO SERRA DO XURÉS


Adela Leiro, Mon Daporta




Distancia: 1: ata a Cabaniña do Curro: 11 km (lineal)
2: ata o val de Vilameá: 12 km (lineal)
3: travesía ata Saa: 24 km

Dificultade: media

Duración: 5 a 10 horas



Chivana



Unha ruta que percorre as partes altas da serra do Xurés, no corazón do Parque Natural, cun gran interese paisaxístico, xeolóxico, etnográfico e ecolóxico. Pódese facer a pé ou en bicicleta de montaña e hai varias opcións en función do tempo que se lle queira adicar e das ganas de camiñar. No camiño pódense ver diversos ecosistemas presentes no parque: monte baixo e matogueiras, pequenas formacións arbóreas e, se temos sorte, algúnhas das numerosas especies vexetais e animais endémicas da zona.

COMO CHEGAR

Na estrada que vai de Lobios a Portela do Homen cóllese unha pista de terra que sae no km 14,600, 1 km antes do paso da fronteira. O primeiro tramo desvíase ata a Cabaniña do Curro onde se atopan as chivanas dos pastores. No caso de facer o resto da ruta hai que dispoñer de máis tempo. O mellor sería facela en bicicleta.